

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 11836** *Real decreto lei 10/2018, do 24 de agosto, polo que se modifica a Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.*

I

A Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, declara como deber do lexislador e obxectivo da lei consagrar e protexer o dereito á memoria persoal e familiar como expresión de plena cidadanía democrática, así como promover o coñecemento e a reflexión sobre o noso pasado, para evitar que se repitan situacións de intolerancia e violación de dereitos humanos como as vividas durante a contenda e a represión posterior.

Nos alicerces desta lei encóntrase a clara vontade de reencontro entre os españois e de homenaxe igualitaria a todas as vítimas do episodio máis doloroso da nosa historia recente. Considérase inaprazable que a democracia española honre todos os que padeceron as inxustizas e agravios producidos durante este enfrontamento que dividiu a sociedade española durante décadas.

A reforma da Lei 52/2007, do 26 de decembro, que se acomete mediante o presente real decreto lei, aséntase sobre estes mesmos principios e valores, que son tamén os que inspiran a vixente Constitución española. É un símbolo que mostra a valentía e a fortaleza das nosas institucións democráticas para facer fronte ao noso pasado e para encarar así o noso futuro como sociedade.

II

Un dos aspectos destacados da Lei 52/2007 é a retirada de símbolos e monumentos de exaltación da Guerra Civil e da Ditadura, como medida necesaria para expresar a repulsa e condena cara a elementos que chocan frontalmente cos principios que fundamentan a nosa sociedade e o noso ordenamento xurídico. Neste contexto, devén esencial o artigo 16.2 da lei ao prever que en ningún lugar do Val dos Caídos «se poderán levar a cabo actos de natureza política nin exaltadores da Guerra Civil, dos seus protagonistas ou do franquismo». Este precepto sostense na vontade, expresada na disposición adicional sexta desta lei, de que o Val dos Caídos se consagre como un lugar destinado a honrar e rehabilitar a memoria de todos os falecidos na Guerra e a represión política posterior.

A presenza no recinto dos restos mortais de Francisco Franco dificulta o cumprimento efectivo do mandato legal de non exaltación do franquismo e o propósito de render homenaxe a todas as vítimas da contenda. O presente real decreto lei pretende por fin a esta situación ao establecer que só poderán xacer no Val dos Caídos os restos mortais de persoas que faleceron a causa da Guerra Civil e, en consecuencia, habilitar a exhumación dos restos mortais de persoas distintas ás caídas durante a Guerra. Así mesmo, consagra de maneira expresa o Val dos Caídos como lugar de conmemoración, recordo e homenaxe igualitaria ás vítimas.

III

O fundamento e o obxectivo da reforma, aos cales se acaba de aludir, son dun inequívoco e extraordinario interese público: que a actuación dos poderes públicos atenda

o sentir maioritario da sociedade española, que considera inaprazable por fin a décadas dunha situación impropia dun Estado democrático e de dereito consolidado. Mostra elocuente deste sentir foi a aprobación cun único voto en contra no Congreso dos Deputados, o 11 de maio de 2017, da proposición non de lei para a efectiva aplicación e desenvolvemento da Lei 52/2007. Esta proposición non de lei insta o Goberno de España a «afrontar, de forma decidida e urxente, as recomendacións do Informe de expertos sobre o futuro do Val dos Caídos entregado ao Ministerio da Presidencia o 29 de novembro de 2011. Con isto debemos proceder a resignificar a función do Val dos Caídos para que deixe de ser un lugar de memoria franquista e nacional-católica e reconvertelo en espazo para a cultura da reconciliación, da memoria colectiva democrática, e de dignificación e recoñecemento das vítimas da Guerra Civil e a Ditadura. En particular, dar cumprimento preferente á exhumación dos restos de Francisco Franco e o seu traslado fóra do Val dos Caídos».

Esta proposición non de lei explícita de forma contundente a vontade dos representantes da cidadanía de proceder á exhumación e de facelo, ademais, de forma non só urxente senón tamén preferente. En efecto, o Congreso dos Deputados insta o Goberno a implementar as recomendacións do Informe de 2011 de maneira «urxente», e sinala, ademais, como «preferente» a exhumación dos restos de Francisco Franco e o seu traslado fóra do Val dos Caídos. Desta forma, resulta manifesto que o mandato que o Congreso dos Deputados dirixe ao Goberno debe cumprirse canto antes.

Para maior abastanza, a extraordinaria e urxente necesidade da reforma legal vén apoiada e avalada pola perentoria exigencia de dar cumprimento aos reiterados requirimentos de Nacións Unidas que, nos últimos anos, veu requirindo o Estado español para que dea conta das medidas adoptadas en materia de memoria histórica e rexeneración democrática.

Concretamente, o Informe emitido en xullo de 2014 polo Grupo de Traballo de Nacións Unidas sobre as desaparicións forzadas ou involuntarias conclúe cunha longa lista de recomendacións para o Goberno español e a petición de que nun prazo de 90 días «presente un cronograma en que se indiquen as medidas que se levarán a cabo para implementar estas recomendacións e asistir as vítimas do franquismo». Con respecto ao Val dos Caídos, este grupo de traballo lamenta especificamente que non se implementasen as recomendacións do aludido Informe de 2011 en relación coa retirada dos restos do ditador Francisco Franco do dito mausoleo.

Neste mesmo sentido Pablo de Greiff, relator especial de Nacións Unidas sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición, emitiu un informe o mesmo mes de xullo de 2014 onde vinculaba a presenza de Francisco Franco no Val dos Caídos coa exaltación do franquismo e coas dificultades de consagralo como lugar en favor da paz e a reconciliación, ademais de suxerir implementar as recomendacións de 2011 respecto do Val.

Os motivos que acaban de exporse xustifican amplamente a concorrencia dos requisitos constitucionais de extraordinaria e urxente necesidade, que habilitan o Goberno para aprobar o presente real decreto lei dentro da marxe de apreciación que, en canto órgano de dirección política do Estado, lle recoñece o artigo 86.1 da Constitución (STC 142/2014, FX 3, e STC 61/2018, FFX 4 e 7). Concorren tamén as notas de excepcionalidade, gravidade e relevancia que fan necesaria unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido para a tramitación parlamentaria dunha lei, ben sexa polo procedemento ordinario ou polo de urxencia (STC 68/2007, FX 10, e STC 137/2011, FX 7).

Por outra parte, a ausencia de actividade governamental previa dirixida ao cumprimento do mandato parlamentario urxente e preferente do ano 2017 non impide ao executivo usar, neste momento, a lexislación de urxencia. En efecto, o feito de que unha situación fose tolerada durante longo tempo debido á inactividade do Goberno e ao descoñecemento dun deber de normación imposto polas Cortes Xerais non é óbice para que se faga fronte a esta por vía da lexislación de urxencia (STC 11/2002, FX 7).

Finalmente, a circunstancia de que os restos de Francisco Franco estivesen depositados durante décadas no Val dos Caídos non exclúe a utilización da figura do real decreto lei. O carácter estrutural desta situación non impide que no momento actual poida converterse nun suposto de extraordinaria e urxente necesidade atendendo ás circunstancias concorrentes (STC 137/2011, FX 6; STC 183/2014, FX 5; STC 47/2015, FX 5; STC 139/2016, FX 3, e STC 61/2018, FX 4).

IV

Con base en todo o exposto, precísase unha resposta normativa con rango de lei na medida en que resulta necesario modificar as previsións da Lei 52/2007, do 26 de decembro.

O presente real decreto lei engade un número 3 ao artigo 16 da Lei 52/2007, do 26 de decembro, referido ao Val dos Caídos. Este novo número consagra o Val dos Caídos como un lugar destinado á conmemoración, recordo e homenaxe aos falecidos na Guerra Civil, e dispón que só os restos mortais destes poderán xacer no seu recinto.

Para dar cumprimento a este novo número do artigo 16, incorpórase a disposición adicional sexta bis, que articula un procedemento de exhumación e traslado e lexítima o Consello de Ministros para a súa incoación e resolución.

Este procedemento ten en conta os intereses dos afectados, tanto públicos como privados, e garante o seu dereito a seren oídos, a súa participación no procedemento e os recursos contra as actuacións administrativas ante os órganos xurisdicionais ordinarios competentes.

Ademais, o procedemento deseñado prevé expresamente as máximas garantías de dignidade e respecto, tanto aos restos mortais como aos familiares, os cales poderán dispor sobre o seu destino se o desexan.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e da ministra de Xustiza, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de agosto de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.*

Modifícase a Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, nos termos que se recollen a continuación.

Un. Engádesse un número 3 ao artigo 16, coa seguinte redacción:

«3. No Val dos Caídos só poderán xacer os restos mortais de persoas falecidas a consecuencia da Guerra Civil española, como lugar de conmemoración, recordo e homenaxe ás vítimas da contenda.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional sexta bis coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta bis. *Procedemento para o cumprimento do disposto no artigo 16.3 desta lei.*

1. Corresponde ao Goberno garantir o cumprimento do establecido no artigo 16.3 desta lei, asegurando en todo caso unhas condicións adecuadas de dignidade e respecto. Para tal efecto, declárase de urxente e excepcional interese público, así como de utilidade pública e interese social, a inmediata exhumación e o traslado dos restos mortais distintos dos mencionados no dito artigo.

2. A decisión de exhumación e traslado será adoptada por Acordo de Consello de Ministros, tras a tramitación do procedemento regulado nos números seguintes.

3. O procedemento iniciará de oficio o Consello de Ministros mediante acordo de incoación, que designará órgano instructor. O dito acordo dará un prazo de quince días aos interesados co fin de que comparezan no procedemento e aleguen o que puidese convir aos seus dereitos ou intereses lexítimos. Os familiares poderán dispor no dito prazo sobre o destino dos restos mortais e indicarán, se for o caso, o lugar de reihumación; nese prazo deberán achegar os documentos e autorizacións necesarias. En caso de discrepancia entre os familiares ou se estes non manifestasen a súa vontade en tempo e forma, o Consello de Ministros decidirá sobre o lugar de reihumación, asegurando unha digna sepultura. Para estes efectos, queda lexitimado para solicitar a asignación do correspondente título de dereito funerario e para realizar o resto de actuacións que procedan.

4. Transcorrido o prazo previsto no número anterior, o Consello de Ministros ordenará a continuación do procedemento. Para tal efecto, ordenará ao titular do ministerio competente en materia de xustiza que remita ao concello, se for o caso, o proxecto necesario para levar a cabo a exhumación, para a súa tramitación conforme o previsto na disposición adicional décima do texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro. Así mesmo, ordenaralle que solicite informe non vinculante ao órgano da comunidade autónoma competente en materia de sanidade mortuoria, que deberá ser emitido no prazo máximo dun mes.

5. Concluídas as actuacións previstas nos números anteriores, darase traslado aos interesados antes da resolución para que, no prazo improrrogable de dez días, aleguen o que consideren oportuno sobre estas.

6. Transcorrido o dito prazo, o Consello de Ministros, mediante acordo motivado, resolverá sobre se procede a exhumación e o traslado, con indicación, se for o caso, do destino que deba darse aos restos mortais afectados.

7. O prazo de caducidade do procedemento previsto nesta disposición adicional será de doce meses contados desde o acordo de incoación.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.8.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para ditar lexislación civil; no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia en materia de bases e coordinación xeral da sanidade; no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e competencia en materia de procedemento administrativo común e lexislación sobre expropiación forzosa; e no artigo 149.1.24.^a, que atribúe ao Estado competencia sobre obras públicas de interese xeral.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de agosto de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN